

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**  
**Sesión extraordinaria e urxente do 12 de maio de 2015**

**ASISTENTES:**

**Membros :**

D. Abel Caballero Álvarez  
D. Carlos López Font  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Jesús Lago Rey  
D<sup>a</sup>. Olga Alonso Suárez  
D. Cayetano Rodríguez Escudero  
D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> Isaura Abelairas Rodríguez  
D. José Manuel Fernández Pérez  
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz

**NON ASISTEN:**

D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Carmen Silva Rego  
D. Angel Rivas González

**Invitados:**

D. David Regades Fernández

Na Casa do Concello de Vigo, ás catorce horas e trinta minutos do día doce de maio de dous mil quince e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como secretaria a concelleira, Sra. Lago Rey, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a todos os membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, o interventor xeral, Sr. García Alvarez, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1(573).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.**

A Xunta de Goberno Local ratifica a urxencia da sesión.

**2(574).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO MANTEMENTO INTEGRAL DAS INSTALACIÓNS ELECTROMECAÑICAS DOS TÚNELES, PASOS INFERIORES E GALERÍAS DE SERVIZOS DA CIDADE. EXPTE. 15659/444.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 06/05/15 e xurídico do 08/05/15, dáse conta do informe-proposta do 06/05/15, do xefe dos servizos enerxéticos, conformado polo asesor xurídico de área, polo concelleiro-delegado de Fomento e pola concelleira de Facenda, que di o seguinte:

*“Con data 15 de abril de 2015, o concelleiro-delegado da Área de Fomento, resolveu que se iniciase o expediente para a contratación temporal do mantemento integral das instalacións electromecánicas dos túneles e pasos inferiores da cidade de Vigo; con data 15 de abril 2015 , o xefe do servizo de Enerxía elaborou o prego de prescricións técnicas particulares co anexo IV ( inventario de instalacións ), modificado con data 6 de maio, e a memoria co estudo económico do expediente para que o servizo de Contratación elabore o prego de condicións administrativas particulares e as correspondentes FEC para a tramitación do expediente.*

*O expediente tramítase como un contrato de servizos, en base ao artigo 10 do TRLCAP.*

*No prego de condicións administrativas particulares destácanse os seguintes aspectos :*

- 1º.- Óptase polo procedemento negociado con publicidade ( art. 174.e do TRLCSP) e tramitación ordinaria ( art. 109 e110 do TRLCSP).*
- 2º.- En canto ao criterio de negociación para a adxudicación do contrato establécese como criterio único o prezo ofertado.*
- 3º.- En canto ao prezo máximo do contrato fíxase en 99.893,24 € e un IVE a soportar de 20.977,58 €. nos 3 meses do contrato, o que da un total de 120.870,82 €.*
- 4º.- O expediente tramítase con cargo á aplicación orzamentaria 1650.227.99.02 do orzamento municipal vixente, polo que resulta necesario liberar da reserva de crédito existente para o novo contrato en fase de licitación ( expte. 15341-444) o importe previsto para atender a este contrato.*

*Con data 29 de abril o expediente foi informado favorablemente pola Asesoría Xurídica, polo que previamente a somete-lo expediente á consideración da Xunta de Goberno Local será preceptivo o informe da Intervención Xeral, en canto á fiscalización do gasto.*

*En consecuencia, proponse á Xunta de Goberno Local, competente segundo a distribución de competencias contempladas na Lei 57/2003 de 16 de decembro de Modernización do Goberno Local, que modifica e amplía o contido da Lei 7/1985 de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, a adopción do seguinte,*

**ACORDO:**

- 1º.- Aproba-lo prego de prescricións técnicas particulares para a contratación temporal ( máximo 3 meses e, en todo caso, ata que se formalice o contrato definitivo en fase de licitación –expte. 15341/444-) do mantemento integral das instalacións electromecánicas dos túneles e pasos inferiores da cidade de Vigo, elaborado polo xefe do servizo de Enerxía do Concello con data 15 de abril de 2015 e modificado en data 6 de maio.*
- 2º.- Aproba-lo prego de condicións administrativas particulares e os seus anexos elaborados pola xefatura do Servizo de Contratación do Concello de Vigo de data 7.05.2015 para a contratación, por procedemento negociado con publicidade e tramitación ordinaria, do mantemento integral das instalacións electromecánicas dos túneis e pasos inferiores da cidade de Vigo.*
- 3º.- Autoriza-lo gasto por un importe máximo de 120.870,82 €. (cento vinte mil oitocentos setenta euros con oitenta e dous céntimos), con cargo á aplicación orzamentaria 1650.227.99.02 dos orzamentos municipais, para un período máximo do contrato de 3 meses.*

4º.- *Aproba-la negociación para a adxudicación de dito contrato de acordo coa legalidade vixente.*"

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

**3(575).- PROPOSTA DE REQUIRIMENTO DE DOCUMENTACIÓN AO SEGUNDO CLASIFICADO NO PROCEDIMENTO ABERTO PARA A CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DE ELEMENTOS DE XOGO PARA PARQUES INFANTÍS. EXPTE. 7690/446.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do 15/05/15, do secretario da Mesa de Contratación que di o seguinte:

"A Mesa de Contratación celebrada o 12 de maio de 2015, entre outros, acordou:

b) Procedemento aberto para a contratación da subministración de elementos de xogo para parques infantís. (expediente 7690-446).

Polo secretario da Mesa se informa que transcorrido o prazo para a presentación da documentación ao licitador clasificado en primeiro lugar no lote 1 *BRICANTEL ESPAÑA,S.L.*, este non a presentou. A Mesa por unanimidade acorda propoñer a xunta de Goberno Local a adopción de seguinte acordo:

Primeiro.- Requirit aos licitadores clasificados en segundo lugar *GALOPIN PLAYGROUNDS S.L (lote 1)*, xa que o licitador clasificado en primeiro lugar no lote 1 *BRICANTEL ESPAÑA,S.L.* non a presentou a documentación requerida no prazo outorgado, , para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 *TRLCS*P):

- *Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- *Certificacións de acharse ao corrente das súas obrigacións tributarias co Estado, Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.*
- *A documentación esixida na cláusula 8 do prego de cláusulas administrativas particulares.*
- *Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares e garantía complementaria polo aumento do prazo de garantía ofertado.*

Segundo Cuarto.- Requirit a *GALOPIN PLAYGROUNDS S.L (lote 3)*, o aboamento de 229,23 euros en concepto de custe dos anuncios de licitación".

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

**4(576).- NOMEAMENTO DA DIRECCIÓN FACULTATIVA E COORDINADOR DE SEGURIDADE E SAÚDE DAS OBRAS “REFORZO DA CAPA DE RODADURA DAS RÚAS ÁLVARO CUNQUEIRO, AVDA. BUENOS AIRES E RÚA CAÑIZA”. EXPTE. 3264/440.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do 12/05/15, do asesor xurídico da área de Fomento conformado polo concelleiro-delegado de área que di o seguinte:

1.- Antecedentes:

*A Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria e urxente do 10 de abril de 2015, entre outros asuntos acordou a aprobación do expediente de contratación do procedemento negociado con publicidade para a contratación das obras do proxecto de reforzo da capa de rodadura das rúas Alvaro Cunqueiro, Avenida de Buenos Aires e rúa Cañiza. (Expte. 3159-440).*

*A mesa de contratación, en sesión de data 12 de maio de 2015, entre outros asuntos acordou a proposta de adxudicación do procedemento negociado con publicidade para a contratación das obras do proxecto de reforzo da capa de rodadura das rúas Alvaro Cunqueiro, Avenida de Buenos Aires e rúa Cañiza. (Expte. 3159-440).*

2.- Fundamentos xurídicos:

*O PCAP que regula o procedemento de contratación do expediente 3159-440, define no punto 4, da cláusula 1), que o director facultativo das obras será o responsable da comprobación e vixilancia da correcta execución das obras conforme ó proxecto aprobado e as condicións establecidas nos pregos e no contrato, sen prexuízo das facultades do responsable do contrato.*

*Así mesmo indica que dita dirección facultativa será nomeada polo órgano de contratación no acordo de adxudicación do contrato, para o cal se deberá atender a técnicos con titulación adecuada e suficiente con relación á obra de que se trate e as súas funcións atópanse recollidas no punto 4, da cláusula 1 do PCAP.*

*No apartado 5 da cláusula 1 do PCAP que regula o expediente 3159-440 defínese que o coordinador de seguridade e saúde será o responsable da coordinación e saúde na obra coas competencias determinadas no Real Decreto 1627/1997, de 24 de outubro, polo que se establecen disposicións mínimas de seguridade e de saúde nas obras de construción. Será nomeado polo órgano de contratación no acordo de adxudicación do contrato, entre técnicos con titulación adecuada e suficiente con relación á obra de que se trate, podendo recaer o cargo no director facultativo das obras.*

*A disposición adicional cuarta da Lei 38/1999, de 5 de novembro, de Ordenación da Edificación (LOE) sinala que “as titulacións académicas e profesionais habilitantes para desempeñar a función de coordinador de seguridade e saúde en obras de edificación, durante a elaboración do proxecto e a execución da obra, serán as de arquitecto, arquitecto técnico, enxeñeiro ou enxeñeiro técnico, de acordo coas súas competencias e especialidades”.*

*Centrándonos xa na esfera das Administracións Públicas, a dirección facultativa pode ser atribuída a técnicos da propia Administración ou a facultativos externos, que contén coa titulación profesional esixida. No último caso a través dun contrato de servizos tramitado á marxe*

do expediente de contratación (se se contratara cunha consultora sería esta a que nomease ao referido facultativo).

A competencia profesional dos enxeñeiros de camiños canles e portos ten o seu fundamento na Lei de 20 de xullo de 1957, de ensinanza técnica; o Decreto de 6 de maio de 1965, de especialidades das escolas técnicas de grado superior, e o Real decreto de 30 de agosto de 1991 que se refire ao título universitario de enxeñeiros de camiños, canles e portos e directrices xerais dos seus plan de estudos, ademais da normativa que as desenrola.

De toda a anterior normativa dedúcese, indubidadamente a competencia destes profesionais nas materias de: "construción", "transportes", "hidráulica", "enerxía", "enxeñería marítima e costeira", "urbanismo, ordenación do territorio e medio ambiente".

En relación ao citado expediente para a contratación das obras do proxecto de reforzo da capa de rodadura das rúas Alvaro Cunqueiro, Avenida de Buenos Aires e rúa Cañiza. (Expte. 3159-440), dende a Concellería de Fomento procedeuse polo procedemento de contrato menor, á contratación dos servizos para a coordinación de seguridade e saúde das citadas obras, en proceso de adxudicación dos servizos a Cíes Atlántico S.L.U, o cal nomeará ao seguinte técnico para o desenvolvemento destas funcións:

–Maximino García Sánchez, D.N.I. 36.090.677-C, Enxeñeiro Técnico Colexiado Nº 3204 de Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos de Vigo.

En relación a dirección facultativa das obras do proxecto de reforzo da capa de rodadura das rúas Alvaro Cunqueiro, Avenida de Buenos Aires e rúa Cañiza, dende a Concellería de Fomento propónse ao técnico municipal

–D. Agustín Rodríguez Carballo, enxeñeiro superior de camiños, canles e portos, adscrito ao posto de xefe do servizo de Vías e Obras do Concello de Vigo.

En conclusión cos antecedentes descritos e tendo en conta que o obxecto das obras descritas no proxecto de obra reforzo da capa de rodadura das rúas Alvaro Cunqueiro, Avenida de Buenos Aires e rúa Cañiza, considerase adecuado o nomeamento dos técnicos mencionado en función da súa titulación.

O nomeamento do responsable da Dirección Facultativa, así como do Coordinador de Seguridade e Saúde correspóndelle ao órgano de contratación, de acordo ao estipulado no PCAP, (artigo 1, puntos 4 e 5).

### 3.- Proposta:

Polo exposto propónse á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, a aprobación da seguinte proposta:

Primeiro: Aprobar o nomeamento como Dirección Facultativa da obra de reforzo da capa de rodadura das rúas Alvaro Cunqueiro, Avenida de Buenos Aires e rúa Cañiza , (expte: 3159-440) ao enxeñeiro superior de camiños, canles e portos, D. Agustín Rodríguez Carballo, técnico municipal adscrito a Concellería de Fomento.

Segundo: Aprobar o nomeamento como Coordinador de seguridade e saúde da obra de reforzo da capa de rodadura das rúas Alvaro Cunqueiro, Avenida de Buenos Aires e rúa Cañiza , (expte: 3159-440) ao Técnico da empresa Cíes Atlántico S.L.U, D. Maximino García Sánchez, D.N.I.

36.090.677-C, Enxeñeiro Técnico Colexiado Nº 3204 de Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos de Vigo

*Terceiro: Do presente acordo darase traslado á empresa adxudicataria do expediente do procedemento negociado para a contratación obras de reforzo da capa de rodadura das rúas Alvaro Cunqueiro, Avenida de Buenos Aires e rúa Cañiza. (Expte. 3159-440)."*

**Acordo:**

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

**5(577).- RECEPCIÓN PARCIAL DAS OBRAS DO CONTRATO DE XESTIÓN DE SERVIZOS PÚBLICOS CON EXECUCIÓN DE OBRA, A TRAVÉS DA MODALIDADE DE CONCESIÓN PARA O NOVO CENTRO DEPORTIVO MUNICIPAL DE NAVIA. EXPTE. 2457/440.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta de data 07/05/2015, do director deportivo, xefe da Unidade Técnica, conformado polo xefe da área de Fomento, polo asesor xurídico da mesma e así mesmo polo concelleiro-delegado de Fomento que di o seguinte:

**I.- Antecedentes.-**

*1º.- Con data 8 de agosto de 2013 a Xunta de Goberno Local, en sesión extraordinaria e urxente, aprobou entre outros asuntos o EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA XESTIÓN DE SERVIZO PÚBLICO, MEDIANTE CONCESIÓN PARA A CONSTRUCCIÓN, XESTIÓN E EXPLOTACIÓN DO NOVO COMPLEXO DEPORTIVO DE NAVIA POR PROCEDIMENTO ABERTO. EXPTE. 12242/333.*

*2º.- Con data 7 de novembro de 2013 por Decreto do Alcalde, se delega na Concellería da Área de Fomento, sendo o Concelleiro delegado da mesma D. David Regades Fernández, as atribucións precisas para a dirección técnica e política, xestión, seguimento, tramitación e execución do seguinte asunto:*

*a) Expte.12242/333. PROCEDIMENTO ABERTO PARA O CONTRATO DE XESTIÓN DE SERVIZOS PÚBLICOS CON EXECUCIÓN DE OBRA, A TRAVÉS DA MODALIDADE DE CONCESIÓN PARA O NOVO CENTRO DEPORTIVO MUNICIPAL DE NAVIA.*

*3º.- A Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria do 22/11/2013, acordou Adxudicar a CIVIS GLOBAL, S.L, o procedemento aberto para a contratación da xestión do servizo público mediante concesión da construción, xestión e explotación do novo complexo polideportivo de Navia (expediente 12242-333) por un prazo concesional de 49 anos e un canon de 9.100 euros/ano, sendo o prezo global do proxecto de 8.767.908,48 (sendo a cota correspondente o IVE de 1.521.703,13 €).*

*Constitúe o obxecto deste contrato a xestión de servizo público de instalacións deportivas de uso público en Navia denominadas "Complexo deportivo de Navia" mediante concesión, forma de xestión acordada polo Pleno municipal en data 26 de novembro de 2012. O obxecto deste contrato inclúe como obrigação accesoria a execución das obras precisas para a prestación do servizo, obras que deberán executarse tal e como son definidas no anteproxecto de explotación para o contrato de xestión de servizos públicos con execución de obra, a través da modalidade*

de concesión para o novo centro deportivo municipal de Navia, aprobado pola Xunta de Goberno Local en data 14 de xuño de 2013, tras ter sido sometido a exposición pública.

A obra de construción do "Complexo deportivo de Navia" se desenvolverá na parcela D-2 destinada a usos deportivos no ámbito do Plan parcial de Navia. Dita parcela situase en solo urbanizable delimitado, no ámbito do sector S-72-R Navia, que recolle o Plan Parcial aprobado definitivamente en sesión plenaria do 3 de xuño de 1996 e a modificación puntual número 1, aprobada en sesión plenaria o 25 de abril de 2005.

4º.- Con data 16 de decembro de 2013, o Concelleiro delegado da Área de Fomento, resolve de conformidade coa proposta do Xefe da Área de Fomento, a constitución dun equipo de traballo técnico, para a seguimento das actuacións do novo complexo polideportivo de Navia, o cal atopase composto por:

- O Xefe da Area de Fomento, Álvaro Crespo que realizará as funcións de dirección do equipo de traballo, o tempo que será responsable de coordinar as necesidades cos servizos da area (Vías e Obras, Electromecánicos) e a coordinación con outros servizos como Xardíns, Seguridade, etc.
- En relación a supervisión do proxecto arquitectónico, se solicita a nomeamento dos arquitectos municipais, Juan Luis Piñeiro e David Carvajal, para o cal se notificará dita resolución a Concelleira Delegada da Area de Urbanismo
- En relación a supervisión técnica do proxecto dende as necesidades deportivas, se solicita nomear o Director Deportivo Xefe da Unidade de Deportes, Jose Angel Otero Lamas, para o cal se notificará dita resolución o Concelleiro Delegado da Area de Deportes.

A coordinación e desenvolvemento das actuacións deste equipo de traballo deberá estar baixo a dirección política, de xestión, seguimento, tramitación e execución encomendada polo decreto do Alcalde de data 7 de novembro no Concelleiro da Area de Fomento.

5º.- A Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria do 7/03/2014, adopta o seguinte acordo:

"1º.- Tomar razón da constitución da sociedade MQA NAVIA, S.L., por parte da empresa CIVIS GLOBAL, S.L., adjudicataria do procedemento aberto para a contratación da xestión do servizo público mediante concesión da construción, xestión e explotación do novo complexo polideportivo de Navia (expediente 12242-333), co obxecto de ser a titular desta concesión.

2º.- Autorizar a formalización do contrato de xestión do servizo público mediante concesión da construción, xestión e explotación do novo complexo polideportivo de Navia coa sociedade MQA NAVIA, S.L."

6º.- Con data 10/04/2014, asínase contrato de xestión de servizo público con construción de obra, coa sociedade MQA Navia, S.L., a través de escritura pública diante do notario D. Jaime Romero Costas.

7º.- En relación coa aprobación do proxecto de obra, con data 16/05/2014 a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Aprobar o PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN DA OBRA DE CONSTRUCIÓN DUN NOVO CENTRO DEPORTIVO MUNICIPAL EN NAVIA, presentado por MQA Navia, S.L e redactado por Naos 04 Arquitectos, SLP, polo importe da obra civil por unha contía de 6.672.590,36 euros (IVE excluído), contía que é coincidente coa oferta e coa documentación que se tivo en conta para o acordo da Xunta de Goberno de data 22/11/2013.

Segundo.- Aprobar o programa de traballos -que contempla un prazo de execución de 15 meses- e o Plan de Seguridade e Saúde, ambos presentados polo adjudicatario en data 14/04/2014.

Terceiro.- Tomar razón da comunicación da composición da dirección facultativa designada pola empresa MQA, Navia, S.L, composta por:

Director de Obra: D. Miguel Porras Gestido (D.N.I. 36.106.078-B) e Directora de execución: D<sup>a</sup>. Juana María Martínez García (D.N.I. 36.147.537-R) e Coordinador de Seguridade e Saúde: D. Maximino García Sánchez en representación de CIES ATLANTICO S.L.U.

Cuarto.- Nomear aos arquitectos municipais D. Juan Luis Piñeiro e D. David Carvajal como responsables facultativos municipais das obras.

Quinto.-Notificar á adxudicataria MQA Navia, S.L., a obriga de proceder a convocar a esta Entidade, aos efectos de asinar a Acta de Comprobación do Replanteo, no prazo de 15 días dende a notificación do presente acordo.

Sexto.- A empresa adxudicataria MQA Navia, S.L. deberá dar conta ao concello, con carácter previo á comprobación da acta de replanteo, a empresa que vaia a encargar a execución das obras, que deberá cumprir cos requisitos de solvencia previstos no PCAP.

8º.- Con data 21 de maio de 2014, procedese a sinatura da acta de comprobación do replanteo, da cal se da conta a Xunta de Goberno Local en sesión de 13 de xuño de 2014.

## II.- Obras executadas:

1º.- De conformidade co proxecto de obra aprobado pola Xunta de Goberno Local con data 16/05/2014, a empresa concesionaria procedeu a execución das seguintes actuacións:

### Campo de Fútbol 7 de herba artificial.

- Dimensións del terreo de xogo 58 m x 33,8 m
- Césped sintético monofilamento de última xeración.
- 4 Torres de iluminación con proxectores equipados con haloxenuros metálicos.
- Equipamento:
  - Sistema de rego automático.
  - 1 xogo de 2 porterías.
  - Banquillos.
  - Banderins de corner, red recollebalóns.....

### Pista Polideportiva

- Dimensións de Pista de xogo: 20 m x 40 m
- Soleira de formigón coloreada
- Iluminación mediante proxectores equipados con haloxenuros metálicos. Sistema de encendido regulado por moeda.
- Bancada para 100 persoas.
- Equipamento:
  - 1 xogo de (2) porterías de fútbol sala.
  - 2 xogos de (4) canastas de baloncesto.

Para completar as citadas actuacións procedeuse o axardinamento das zoas verdes comúns, executándose a urbanización dos accesos e circulacións que garanten a funcionalidade dos espazos deportivos.

As citadas actuacións se atopan definidas na memoria técnica entregada pola concesionaria, na cal se describen as actuacións e se adxuntan os planos e referencias das mesmas.

2º.- A cláusula 3 do PCAP, recolle no punto "2.- Urbanización do resto da parcela destinada ao proxecto":



*Esta urbanización comprenderá as seguintes instalacións:*

- a) Unha zona con 8 pistas de padel.*
- b) Dous aparcadoiros de vehículos: un na zona norte e outro para 160 vehículos en zona sur.*
- c) Un campo de Fútbol 7.*
- d) Unha pista polideportiva de 40 x 20 m.*
- e) Urbanización completa da parcela en relación as zoas verdes, peches perimétricos e iluminación.*

*O ámbito de explotación e xestión da concesión abarca os seguintes elementos:*

- A totalidade do edificio principal do complexo deportivo.*
- A zona prevista para as 8 pistas de padel.*
- O aparcamento ubicado na zona sur da parcela.*
- De forma complementaría entenderase vinculados ao ámbito de explotación a xestión dos viais deseñados para as circulacións obrigatorias entre estas instalacións, as zoas verdes que se atopen vinculadas directamente as mesmas, así como os equipamentos de iluminación, acometidas de servizos e os peches perimetrais das instalacións referidas.*

*O resto das instalacións da urbanización, así como os espazos deportivos construídos non descritos no apartado anterior, se entregarán ao Concello para a súa xestión unha vez formalizada a acta de recepción das mesmas, no proceso de comprobación das obras executadas polo concesionario coa finalización destas.*

*3º.- A CLÁUSULA 44ª, do PCAP, en relación a comprobación e recepción das obras indica no punto 4.- “En relación coas obras executadas que non formarán parte da xestión do complexo deportivo segundo o especificado na cláusula 3 deste prego, procederase a realización dun acta de recepción das mesmas por parte do Concello de Vigo, comezando desde este momento o prazo de garantía da obra, así como a responsabilidade do seu mantemento e xestión a cargo do Concello de Vigo.”*

*4º.- Con data 27 de marzo de 2015, procedese a sinatura da acta de recepción das obras vinculadas ao contrato xestión de servizos públicos con execución de obra, a través da modalidade de concesión para o novo centro deportivo municipal de Navia., das obras da pista polideportiva exterior, do campo de fútbol 7, así como das zoas axardinadas e os accesos e circulacións das mesmas, de conformidade coa memoria técnica que se adxunta a citada acta de recepción, entregada pola mercantil MQA NAVIA, S.L., na súa calidade de empresa concesionaria.*

*Aínda que de conformidade co previsto no artigo 147.5 do RXCAP ao ter lugar a recepción deberá expedirse a correspondente certificación a conta, neste caso non procede xa que as obras foron sufragadas na súa integridade polo adxudicatario do contrato para a explotación en réxime de concesión administrativa do Novo Centro Deportivo de Navia.*

*III.- Proposta:*

*1º En base aos antecedentes descritos e tendo en conta a finalización das obras que non forman parte da xestión do complexo deportivo, e sendo o Concello de Vigo o responsable do seu mantemento e xestión, procede propoñer os seguintes criterios:*

*a.- Xestión e mantemento do Campo de Fútbol 7. En relación a esta instalación deportiva debemos atender a que na actualidade, esta instalación conformase na continuidade do actual*

*campo de fútbol 11 do complexo deportivo municipal de Navia que xestiona o Instituto Municipal dos Deportes. Os Estatutos do Instituto Municipal dos Deportes, aprobados no Pleno da Corporación do 28/11/1991, no seu artigo 3, no que se estipulan os fins do Instituto, establécese na letra d) "A xestión do posible uso de outras instalacións públicas ou privadas para o cumprimento dos fins do Instituto".*

*Polo exposto, e tendo en conta que na actualidade o Concello de Vigo, unha vez finalizadas as obras referidas e recepcionadas, debe proceder a súa posta en funcionamento, procede encomendar as tarefas vinculadas coa xestión e mantemento operativa desta instalación para favorecer e potenciar o seu uso deportivo o organismo autónomo "Instituto Municipal dos Deportes de Vigo".*

*b.- Pista Polideportiva exterior, unha vez finalizadas as citadas obras e recepcionadas, debe proceder a súa posta en funcionamento, polo cal e convinte observar que a tipoloxía dos usos desta pista polideportiva conformase como unha instalación recreativa de uso libre, polo cal procede encomendar as tarefas vinculadas co mantemento operativo desta instalación para favorecer e potenciar o seu uso a Área de Distritos, Parques, Xardíns, Limpeza e Comercio, xa que dita area xestiona actualmente as diferentes pitas polideportivas ubicadas en zoas de uso libre na cidade. Así mesmo dentro desta encomenda, debense incluír as zoas verdes da parte urbanizada desta pista polideportiva.*

*Por último, indicar que a competencia para a aprobación do expediente, correspóndelle á Xunta de Goberno Local, como órgano de contratación, de conformidade co disposto no apartado sétimo da disposición adicional segunda do TRLCSP.*

*Por isto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos:*

*Primeiro.- Recepcionar a favor do concello as obras contidas na Acta de Recepción asinada con data 27 de marzo de 2015, vinculadas ao contrato de xestión de servizo público con execución de obra a través da modalidade de concesión para o novo centro Deportivo Municipal de Navia que comprenden a pista polideportiva exterior, do campo de fútbol 7, así como das zoas axardinadas e os accesos e circulacións das mesmas, de conformidade coa memoria técnica que se adxunta a citada acta de recepción, entregada pola mercantil MQA NAVIA, S.L., na súa calidade de empresa concesionaria.*

*Segundo: Aprobar a encomenda das tarefas vinculadas coa xestión e mantemento operativo do campo de fútbol 7, para favorecer e potenciar o seu uso deportivo o organismo autónomo "Instituto Municipal dos Deportes de Vigo".*

*Terceiro.- Aprobar a encomenda das tarefas vinculadas coa xestión e mantemento operativo da pista polideportiva exterior, así como das zoas axardinadas e os accesos e circulacións das mesmas, para favorecer e potenciar o seu uso a Área de Distritos, Parques, Xardíns, Limpeza e Comercio.*

*Cuarto.- Dar conta do acordo adoptado á Concellería de Patrimonio do Concello de Vigo, a Concellería de Distritos, Parques, Xardíns, Limpeza e Comercio e o propio Instituto Municipal dos Deportes."*

**Acordo:**

**A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.**

**6(578).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN PARA A EXECUCIÓN DAS OBRAS DE “REPARACIÓN DE NOIRO E CONSTRUCCIÓN DUN MURO DE SOPORTE NO CAMIÑO PORTIÑO”. EXPTE. 3173/440.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto os informes xurídico do 21/04/15 e de fiscalización do 07/05/15, dáse conta do informe-proposta do xefe de área de Servizos Xerais conformado polo concelleiro de Fomento e pola concelleira de Facenda que di o seguinte:

*“1.- Antecedentes.31*

*Con data 13 de marzo de 2015, a Xunta de Goberno Local aprobou o proxecto básico e de execución das obras de “REPARACIÓN DE NOIRO E CONSTRUCCIÓN DE NOVO MURO DE SOPORTE NO CAMIÑO DE PORTIÑO”, redactado polo ENXEÑEIRO TÉCNICO DE OBRAS PÚBLICAS D. Luis Vilar Montoro da empresa VILAR MONTORO INGENIERÍA e dirixido polo XEFE DA ÁREA DE FOMENTO , Álvaro Crespo Casal, cun orzamento base de licitación de CENTO DEZANOVE MIL NOVENTA E SEIS EUROS CON SESENTA E UN CÉNTIMOS (119.096,61€) e que se contén no expediente 3.079/440.*

*Con data 19 de marzo de 2015, o concelleiro-delegado da Área de Fomento ordenou a esta xefatura o inicio do expediente administrativo necesario para a contratación das referidas obras. No expediente inclúese a seguinte documentación:*

*a) O proxecto obxecto do expediente consta anexado no expediente 3.079/440, no que se atopa incluído informe da Oficina de Supervisión de Proxectos que recolle a indicación expresa da adecuación do proxecto á normativa xeral e sectorial, así como á adecuación á normativa técnica de aplicación.*

*b) Acta de replanteo asinada polo Xefe de Área de Fomento con data 19 de marzo de 2015*

*c) Prego de prescricións técnicas particulares redactado pola empresa redactora do proxecto VILAR MONTORO INGENIERÍA polo ENXEÑEIRO TÉCNICO DE OBRAS PÚBLICAS D. Luis Vilar Montoro, e incluído no proxecto recollido no expediente 3.079/440, aprobado pola Xunta de Goberno Local de data 13 de marzo de 2015.*

*d) Prego de Clausulas Administrativas Particulares, redactado pola Xefa do Servizo de Contratación, de data 21 de abril de 2015.*

*e) Informe favorable da Asesoría Xurídica de data 21 de abril de 2015.*

*f) Documento contable referido a existencia de crédito para financiación das obras.*

*2.- Condicións definitorias do contrato:*

*Destacan as seguintes:*

*a) Obxecto e cualificación xurídica do contrato:*

*O obxecto consiste na execución das obras previstas no proxecto “REPARACIÓN DE NOIRO E CONSTRUCCIÓN DE NOVO MURO DE SOPORTE NO CAMIÑO DE PORTIÑO”. Estas obras supoñen sen ningunha dubida un incremento da capacidade, rendemento, eficiencia da funcionalidade inherente as necesidades básicas dos servizos públicos que prestan ditas infraestruturas, e con elas se conseguirá unha ampliación da súa vida útil, polo cal contan ca natureza de “investimentos reais”.*

*O contrato, polo seu obxecto, é de obra, previsto no artigo 6 do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, que aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público (no sucesivo, T.R.L.C.S.P.).*

En cumprimento do art. 22 do RDL 3/2011 polo que se aproba o TRLCSP, os aspectos relacionados coa "natureza, e extensión das necesidades que pretenden cubrirse mediante o contrato proxectado, así como a idoneidade do obxecto e contido", son os definidos na memoria descritiva que contén o expediente 3.079-440 do proxecto da obra aprobado pola Xunta de Goberno Local con data 13 de marzo de 2015 que se achega a éste, pasando a formar parte do mesmo.

O contrato atópase vinculado ao exercicio das competencias municipais previstas no art. 25.2 d) da Lei 7/1985 Reguladora das bases de Réxime local, na redacción dada pola Lei 27/2013 no seu artigo 8.2 d), "infraestruturas viarias e outros equipamentos da súa titularidade".

b.- Procedemento de adxudicación e forma de tramitación:

A tramitación do presente expediente fárase a través de procedemento negociado con publicidade, e por tramitación ordinaria, tal e como se xustifica no informe do Xefe de Área de Fomento de data 19 de marzo que se achega co expediente.

c.- Orzamento base de licitación:

En cumprimento do artigo 87 do TRLCSP, o orzamento máximo de licitación que servirá como base para a execución deste contrato, será o que figura no proxecto, aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión de data 13 de marzo de 2015, redactado polo ENXEÑEIRO TÉCNICO DE OBRAS PÚBLICAS D. Luis Vilar Montoro da empresa VILAR MONTORO INGENIERÍA, e está establecido en base aos prezos de mercado para cada unha das unidades de obra que figuran no proxecto; supón un total de 119.096,61 € sendo o importe correspondente o IVE o de 20.669,66 Euros; poderá ser rebaixado polos licitadores nas súas ofertas para establecer o prezo do contrato.

O valor estimado do contrato estipúlase en CENTO DEZAOITO MIL CENTO DOCE EUROS CON TRINTA E CATRO (118.112,34 €).

Para a súa financiación aplicaránse os créditos do vixente orzamento do Concello de Vigo, incluídos na aplicación orzamentaria 1532.619.00.06 "Mellora de infraestruturas en Parroquias", e dos créditos a nivel da bolsa de vinculación, xa que as actuacións previstas na aplicación orzamentaria 1532.619.00.50 cun importe de 482.491,98 €, atopanse na fase de estudo, polo cal a súa execución quedará limitada dentro das posibilidades de execución dentro exercicio 2015, posibilitando pois a aplicación deste crédito a bolsa de vinculación o cal non afectará ó normal funcionamento das previsión de execución das actuacións previstas no servizo.

O gasto proposto, cumpre co principio de sustentabilidade financeira, esixido polo artigo 7.3 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, xa que conta con cobertura dentro do actual orzamento como xa se indicou, e que a partida á que se aplica ten carácter finalista, polo que con cargo a ela non se poderá asumir ningunha outra obriga polo Concello, nin producirse polo tanto ningún desequilibrio orzamentario.

d.- Revisión de prezos:

Tendo en conta que as obras a executar teñen unha duración inferior a unha anualidade, non procede a revisión de prezos.

e.- Prazo de execución e prórroga:

De acordo co proxecto básico e de execución das obras, o prazo máximo de execución establececese en 2 meses.

*Dito prazo poderá ser prorrogado polo órgano de contratación en resolución motivada cando concorran algunhas das seguintes causas:*

- A modificación do contrato. Neste caso o prazo da prórroga será o que resulte do proxecto modificado non podendo exceder éste da metade do prazo inicial.*
- O incumprimento parcial do prazo de execución por causas non imputables ao contratista, debidas a acontecementos alleos a súa vontade e imprevisibles, sempre e cando se comprometa a executar as obras nun prazo igual ao do tempo perdido e solicite a prórroga conforme ó disposto no artigo 100 RXLCAP.*
- Cando o órgano de contratación e o contratista acorden de mutuo acordo suspensións temporais da execución do contrato por circunstancias sobrevidas que o aconsellen. Neste caso o contrato se prorrogará por un prazo igual ao do tempo quee tiña permanecido suspendido.*

*f.- Prazo de garantía:*

*Establecese como prazo de garantía mínimo o de 12 meses dende que se asine a acta de recepción das obras. Poderá ser ampliado polos licitadores nas súas ofertas.*

*g.- Esixencia de Clasificación ou no seu caso solvencia:*

*De acordo co artigo 65.1 do TRLCSP, non se esixe clasificación para este contrato. Se poderá presentar a seguinte:*

- Grupo G, Subgrupo 6, Categoría b., como acreditación da solvencia técnica e financeira.*

*h.- Modificación do contrato:*

*A coantía máxima da modificación non poderá superar o 20% sobre o prezo do contrato.*

*Aspectos a modificar: As unidades de obra de firmes, pavimentos, sinalización e obras complementarias do muro.*

*Circunstancias que determinan a modificación:*

*Que no ámbito afectado polas obras aparezan redes de servizos, construcións soterradas, elementos de protección arqueolóxica ou condicións xeotécnicas distintas das recollidas no proxecto.*

*A necesidade de adaptar os aspectos técnicos do proxecto ás modificacións no entorno que produzan con posterioridade á data de redacción do mesmo.*

*i.-Subcontratación:*

*Autorízase co límite máximo do 50 %.*

*j.- Responsable do Contrato:*

*O responsable do Contrato será o Xefe da Área de Fomento. Así mesmo o órgano de contratación nomeará unha dirección facultativa municipal e un coordinador de seguridade para o seguimento da obra.*

*3.- Proposta:*

*Previamente a efectuarse a proposta ao órgano de contratación, debe emitir informe favorable de fiscalización a Intervención Xeral, de conformidade co previsto no artigo 109.3 do TRLCSP.*

*Por todo o exposto proponse á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación competente dacordo co previsto na disposición adicional 2ª do TRLCSP, que adopte o seguinte acordo:*

*Primeiro: Aprobar a contratación a través de procedemento negociado con publicidade e tramitación ordinaria das obras do proxecto "REPARACIÓN DE NOIRO E CONSTRUCCIÓN DE NOVO MURO DE SOPORTE NO CAMIÑO PORTIÑO"*

*Segundo: Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares que reixerá a contratación, redactado pola Xefa do Servizo de Contratación de data 21 de abril de 2015.*

*Terceiro: Autorizar o gasto por un importe máximo 119.096,61 € sendo o importe correspondente o IVE de 20.669,66 Euros. A financiación das obras será realizada con cargo á partida 1532.619.00.06, "Mellora de infraestructuras en Parroquias", e dos créditos a nivel da bolsa de vinculación, xa que as actuacións previstas na aplicación orzamentaria 1532.619.00.50 cun importe de 482.491,98 €, atopanse na fase de estudo, polo cal a súa execución quedará limitada dentro das posibilidades de execución dentro exercicio 2015, posibilitando pois a aplicación deste crédito a bolsa de vinculación o cal non afectará ó normal funcionamento das previsión de execución das actuacións previstas no servizo.*

*Cuarto: Abrir o procedemento licitatorio para selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente."*

**Acordo:**

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

**7(579).- ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMEMENTO NEGOCIADO CON PUBLICIDADE PARA A CONTRATACIÓN DO REFORZO DA CAPA DE RODADURA DAS RÚA ALVARO CUNQUEIRO, AVDA. DE BUENOS AIRES E RÚA CAÑIZA. EXPTE. 3159/440.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 12/05/15, dáse conta do informe-proposta do 12/05/15, do secretario da Mesa de Contratación que di o seguinte:

*"A Mesa de Contratación celebrada o 12 de maio de 2015, entre outros, acordou:*

*4.-Proposta de adxudicación*

*a) Procedemento negociado con publicidade para a contratación do reforzo da capa de rodadura das rúas Alvaro Cunqueiro, Avenida de Buenos Aires e rúa Cañiza (expediente 3159-440).*

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP).*
- Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público (RLCSP).*
- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que no se opoña ó Real Decreto Legislativo 3/2011.*
- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación por Procedemento negociado con publicidade para a contratación do reforzo da capa*

de rodadura das rúas Alvaro Cunqueiro, Avenida de Buenos Aires e rúa Cañiza (expediente 3159-440).

**ANTECEDENTES**

Primeiro.- A Xunta de Goberno Local, na sesión do día 6 de maio de 2015, adoptou o seguinte acordo:

“Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas no “Procedemento negociado con publicidade para a contratación do reforzo da capa de rodadura das rúas Alvaro Cunqueiro, Avenida de Buenos Aires e rúa Cañiza (expediente 3159-440). no seguinte orde decrecente:

Prezo de licitación		114.884,61 €	Lote nº 1 Alvaro Cunqueiro
	Empresas	Puntuación	
1	CONSTRUCCIONES FECHI, SLU	100,00	
2	CONSTRUCCIONS OBRAS E VIAIS, SA (COVSA)	99,90	
3	STRADIA INFRAESTRUCTURAS S.L.	98,64	
4	OBRAS, TRANSPORTES Y CONSTRUCCIONES FONTEFRÍA, SLU.	96,04	
5	ASFAGAL TECNICAS VIARIAS, SL.	94,96	
6	CONSTRUCCIONES VALE, SL.	86,03	
7	OBRAS, REFORMAS Y SANEAMIENTOS, S.L (ORESA)	83,35	
8	MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, SL.	80,74	
9	NARON, SL.	60,12	
10	HORDENCON, SL.	53,97	
11	MISTURAS, SA.	43,75	
Prezo de licitación		120.106,90 €	Lote nº 2 Avda Buenos Aires
1	CONSTRUCCIONES FECHI, SLU	100,00 €	
2	ASFAGAL TECNICAS VIARIAS, SL.	96,79 €	
3	CONSTRUCCIONS OBRAS E VIAIS, SA (COVSA)	96,75 €	
4	STRADIA INFRAESTRUCTURAS S.L.	96,51 €	
5	OBRAS, TRANSPORTES Y CONSTRUCCIONES FONTEFRÍA, SLU.	89,68 €	
6	CONSTRUCCIONES VALE, SL.	85,00 €	
7	MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, SL.	82,18 €	
8	HORDENCON, SL.	71,11 €	
9	NARON, SL.	62,23 €	
10	OBRAS, REFORMAS Y SANEAMIENTOS, S.L (ORESA)	48,60 €	
11	MISTURAS, SA.	41,59 €	
Prezo de licitación		81.488,74 €	Lote nº 3 Rúa Cañiza
1	CONSTRUCCIONS OBRAS E VIAIS, SA (COVSA)	100,00 €	

2	STRADIA INFRAESTRUCTURAS S.L.	99,10 €
3	CONSTRUCCIONES FECHI, SLU	97,62 €
4	OBRAS, TRANSPORTES Y CONSTRUCCIONES FONTEFRIA, SLU.	96,14 €
5	CONSTRUCCIONES VALE, SL.	95,68 €
6	ASFAGAL TECNICAS VIARIAS, SL.	94,75 €
7	OBRAS, REFORMAS Y SANEAMIENTOS, S.L (ORESA)	90,31 €
8	MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, SL.	86,50 €
9	HORDENCON, SL.	66,50 €
10	NARON, SL.	45,51 €

*Terceiro.- Requirir aos licitadore clasificado en primeiro lugar, Construcciones Fechi, S.L.U. (lotes 1 e 2) e CONSTRUCCIONS OBRAS E VIAIS, SA (COVSA) (lote 3) para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):*

- *Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- *Certificacións de acharse ao corrente das súas obrigacións tributarias co Estado, Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.*
- *A documentación esixida na cláusula 8 do prego de cláusulas administrativas particulares.*
- *Resguardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 21 do prego de cláusulas administrativas particulares.*

*Segundo.- Este acordo foi notificado ós licitadores clasificados en primeiro lugar o día 06 de maio de 2015, estos presentaron a documentación requirida os días 09 de maio de 2015 (Construcciones Feche, S.L.) e 11 de maio de 2014 (Construcción Obras e Viais, S.A.), dentro do prazo sinalado.*

*Terceiro.- Revisada a documentación presentada na sesión da Mesa de contratación de data 12 de maio de 2015, e dado que esta é correcta, a Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda propoñer ó órgano de contratación a adxudicación do presente procedemento.*

#### FUNDAMENTOS XURÍDICOS

*Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ó órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase ós licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante (artigo 151.4 TRLCSP).*

*Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar como a solicitada de oficio pola administración municipal, e comprobado que esta é correcta, procede adxudicar o presente contrato.*

*Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de contratación. A proposta se realizará a favor do*



*licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).*

*Terceiro.- A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación.*

*En mérito ó que antecede, se propón á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:*

*“Primeiro: Adxudicar á Construcciones Fechi, S.L.U. o lote 1 (rúa Alvaro Cunqueiro) e lote 2 (Avda de Buenos Aires) do procedemento negociado con publicidade para a contratación do reforzo da capa de rodadura das rúas Alvaro Cunqueiro, Avenida de Buenos Aires e rúa Cañiza (expediente 3159-440) por un prezo respectivo de 79.668,74 euros e 80.021,74 euros. Todo iso de acordo co proxecto e os pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada.*

*Segundo: Adxudicar á Construccións Obras e Viais, S.A. o lote 3 (rúa Cañiza) do procedemento negociado con publicidade para a contratación do reforzo da capa de rodadura das rúas Alvaro Cunqueiro, Avenida de Buenos Aires e rúa Cañiza (expediente 3159-440) por un prezo de 56.960,63 euros. Todo iso de acordo co proxecto e os pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”*

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás catorce horas e corenta minutos. Como secretaria dou fé.

me.

O ALCALDE

A CONCELLEIRA-SECRETARIA  
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Abel Caballero Álvarez.

M<sup>a</sup> Jesús Lago Rey.